


MEMORIA  
**O BARRIO  
DA  
SAGRADA  
FAMILIA**



**A eira**

PROXECTO DE PARTICIPACIÓN E  
INNOVACIÓN BIBLIOTECARIA



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

# INDICE

O BARRIO DA SAGRADA  
FAMILIA HOXE ..... 3

TESTEMUÑOS DA XENTE  
DO BARRIO ..... 9



# O BARRIO DA SAGRADA FAMILIA HOXE

MARI CARMEN LÓPEZ

A planificación do primeiro ensanche da cidade respondeu, como acontecía nas cidades da época, á necesidade de abrir a urbe máis aló do que entón era o centro da cidade e de integrar aos novos veciños.

Agora converteuse nun novo centro da Coruña.

A Agra do Orzán e Os Mallos, así a todo, creceron case sen planificación.

As chegadas case masivas de poboación do rural galego deron como resultado uns barrios con edificios desordenados, diferentes alturas: unha imaxe carente de toda harmonía.

O día a día da cidade transformou a estrutura e a forma da Coruña tanto que o estudio realizado polo equipo A Cidade dos Barrios, baixo o auspicio do Colexio Oficial de Arquitectos de Galiza (COAG), fala da Coruña como unha cidade con moitos centros, con moitos puntos importantes e sobre os que viran gran parte dos camiños dos veciños.

Os datos do censo municipal din que hai tres zonas da cidade que perderon habitantes desde 2006: o Ensanche, os Mallos e a Agra do Orzán..



A Sagrada é un barrio desenvolvido entre os anos 60-70 entre a avenida de Fisterra e a de Arteixo por unha parte, e as rondas de Outeiro e Nelle pola outra, con numerosas vivendas de protección oficial., O barrio comezou a súa construción no ano 1954 e o seu auxe de crecemento sitúase a finais dos 60 e principios dos 70.

Trátase dunha realidade heteroxénea onde coexisten vivendas de máis de corenta anos con vivendas de nova construción.

É unha superficie aproximada de 6,30 hectáreas. Ten unha alta densidade de poboación e actualmente parte dela é emigrante.

A praza da igrexa de San Rosendo é o epicentro do barrio.

A Sagrada Familia encérrase en si mesma. É o maior hándicap do barrio. Entre as dúas rondas e as dúas avenidas, as súas rúas conforman un labirinto humilde que loita por deixar de lado a sona de barrio pobre. Carece de zonas verdes e de instalacións de lecer.

"É que isto é así, temos a praza da igrexa e a pista polideportiva", comentan desde a asociación de veciños.

Unha pista que é un luxo para os máis pequenos xogaren sen riscos. E unha praza que na fin de semana se enche de vida e reflicte a postal do que é agora o barrio: un crisol de culturas e nacionalidades.

Alí, xunto á parroquia de San Rosendo coinciden os coruñeses de toda a vida cos inmigrantes suramericanos e os africanos.

Cada un ao seu e todos ao mesmo: facer do barrio un lugar que prospere.

Os elementos dinamizadores da Sagrada Familia son, recoñecen os veciños, a biblioteca, o centro cívico e o centro social: "Aquí todo está moi escondido, pero temos a biblioteca municipal máis usada da cidade, un centro de día e un centro social".

Iso si, pola Sagrada Familia hai que ir andando porque os autobuses urbanos non pasan. Oito liñas circulan polos seus arredores pero ningunha polas súas rúas.

A visión de inmóbeis deteriorados, con humidades e gretas a primeira ollada dá paso, aos poucos, á lucidez froito do Plan de Rehabilitación Integral. Un ambicioso proxecto que os veciños non queren que quede a medias:

"Que o estendan ás rúas, ao mobiliario urbano, a mellorar a seguridade viaria".



#### PLANO DO DISTRITO DA SAGRADA FAMILIA

Sinalizada como zona 30, na rúa A Nosa Señora da Luz, hai para aparcarse en ámbolos lados. E máis coches estacionarían se houbera máis sitios. A falta de aparcamento e de garaxes provoca que ata os pasos de peóns e as beirarrúas se aproveiten para aparcarse, igual que as zonas de carga e descarga, moi inutilizadas, xa que o comercio non é, precisamente, o que abonda aquí.



## EDIFICIOS SEN ASCENSOR E OKUPAS

Nas paredes da rúa A Nosa Señora da Luz plásmanse historias de amor que seguramente rematan moito antes de que alguén se decida a pintar os graffitis por riba.

Esta rúa podería ser unha rúa de Italia... Ou de México.

Non pola súa arquitectura, nin pola nacionalidade dos seus habitantes, senón polo nome.



Moitos pasan desapercibidos se non fora porque as portas das súas vivendas se tapan con cartóns ou pola falta de cristais dalgunhas xanelas. En moitos deses pisos viven okupas.



## PAREDES QUE FALAN

As rúas fanse vella e con elas os seus veciños.

Están os que vemos paseando, pero tamén os que permanecen ocultos. Moitos viven atrapados nas súas casas, sen poder baixar as escaleiras, á espera de que chegue unha axuda, ou o acordo da comunidade para instalar o ascensor. Tamén están os que habitan á marxe da lei.

Explicámonos mellor o nome da Nosa Señora da Luz se miramos ao arredor. Abundan as rúas con nomes bíblicos: Fe, A Nosa Señora de Fátima, Sagrada Familia... as rúas veciñas lembran cos seus nomes a orixe do barrio.

Foi erixido entre os anos 50 e 60 grazas á iniciativa da Entidad Constructora Benéfica Sagrada Familia, de inspiración católica.

Levantaron vivendas sociais accesíbeis economicamente, o que deu lugar a un barrio humilde pero solidario. A súa sede está nunha praciña que dá á rúa Alberto Datas Panero, na que tamén está unha das sedes de atención primaria de Cáritas.

As ONGs contabilizan no barrio poboación orixinaria de ata 30 países distintos. Aquí teñen sedes SOS Racismo, Viraventos, Ecodesarrollo Gaia ou o centro do Doutor Pernas.

O éxodo rural foi a orixe do barrio nos anos 70. E o avellentamento dos seus moradores e a chegada de veciños máis exóticos é o seu presente.

A hora de integrarse, a poboación hispanofalante tívoo máis doado. Elas foron conseguindo traballo como asistentas nas casas. Eles na construción.

Moitos cumpriron a súa misión e puideron enviar cartos ás súas familias ou lograr que os seus fillos puideran estudar", conta Guillermo Fernández Obanza, de Ecodesarrollo Gaia.

A venda polo miúdo de estupefacientes, o paro e mailo illamento social son as súas principais ameazas.

Os veciños da Sagrada Familia temen volver á década dos oitenta, cando "máis que un barrio coruñés parecía unha cidade sen lei".

Todo porque na actualidade "a venda de droga, o consumo de alcol, e os excesos dos que nos visitan se producen día tras día".

Moitos empresarios da zona están cansos de aturar berros e pelexas que se forman diante de determinadas rúas: Aurelio Carballo, Sagrada Familia, Datas Panero, Tornos, Niño Jesús...

Desde a asociación veciñal denuncian a falta de limpeza nas rúas e nos parques

e queíxanse de que determinadas persoas "se apropian da praza da igrexa de San Rosendo para facer grelladas, e reproducir música cando se está celebrando un acto relixioso"..



## MÁIS POLICÍAS E MELLOR COMERCIO

A Sagrada Familia é un dos barrios que pediu expresamente que se volverá a implantar a policía de barrio.

"Ter un axente na zona constantemente proporciona un clima de seguridade". E isto na Sagrada Familia non é algo anecdótico, Superados os anos nos que o lugar era sinónimo pouco máis que de marxinalidade, sobre todo, na década dos oitenta.

Agora é o exemplo dun barrio que soubo saír do pozo, aos poucos, e que necesita impulsar sectores como o pequeno comercio, que non goza da saúde que teñen en barrios non tan afastados. "Fai falta un plan para revitalizalo".



## ONTE, MILLEIRAS E PATAQUEIRAS

O onte da parroquia de San Rosendo, é en gran medida o onte dos barrios dos Mallos e o da Sagrada Familia, lévanos ao ano 1954. O 31 de outubro daquel ano nace esta parroquia, abarcando o que hoxe constitúe as parroquias de San Benito, San Luís Gonzaga e a actual de San Rosendo.

Así o establecía o cardeal don Fernando Quiroga Palacios, Arcebispo de Santiago un decreto que levaba data do 21 de setembro de 1954, pero que entraría en vigor ás 12 da noite do 31 de outubro do mesmo ano.

Na zona integrada na nova parroquia existían xa moitas casas, pero tamén moitas hortas, e abundantes milleiras e pataqueiras, vivían 12.300 persoas, agrupadas en 2.460 fogares.

Moitas das rúas actuais nin existían. Outras eran simples camiños. No mencionado decreto, ao sinalar os límites da nova parroquia, falábase, por exemplo, do camiño de Nelle a Outeiro. O cardeal Quiroga puxo á fronte a un sacerdote de pouca estatura física, pero dunha gran talla humana, intelectual e moral: don Manuel Martínez Boulosa, quen chegou á cidade herculina procedente de Betanzos, despois de pasar pola Estrada e Pontevedra. Á súa valía intelectual e moral unía así unha rica experiencia pastoral.

Con don Manuel de temoneiro, a nova parroquia iniciou de inmediato a súa andaina:

- O 1 de novembro daquel mesmo ano, 1954, efectúase o primeiro bautismo na persoa da nena M<sup>a</sup> Lina Rosenda Barral Ínsua, nacida o 16 de setembro no número 10 da rúa 4<sup>a</sup> Travesía da Cancela.

- A primeira defunción acaece o 10 de novembro. Tratábase de D. Manuel López Fernández, da rúa Marabillas 25

- A primeira voda foi a de Enrique Varela Pazos e Dores Couceiro Pérez, invidentes, que se celebrou o 15 de decembro de 1954.

Estas celebracións leváronse a cabo na igrexa de San Pedro de Mezonzo, daquela na rúa Falperra.

A parroquia de San Rosendo creouse cun territorio desgaxado de San Pedro



de Mezonzo que na súa maior parte pertencía a San Cristóbal.

Usárase aquela igrexa ata setembro de 1955, en que don Manuel logrou alugar un baixo na rúa San Luís, que sería o primeiro lugar de culto propio.

Logo deixárase este para pasar a un baixo cedido pola Entidad Constructora Benéfica Sagrada Familia na rúa Antonio Pereira.

Posteriormente pasaría a un local máis amplo, tamén cedido pola mencionada Construtora, no Centro Social da Sagrada Familia, na rúa do mesmo nome.

A primeira visita pastoral, cando aínda estaba na rúa San Luis, realizouna o cardeal Quiroga Palacios o 28 de maio de 1958. Durante ela administrou o sacramento da Confirmación a 464 persoas, na súa maioría nenos e preadolescentes.

## HOXE GRANDES COLMEAS HUMANAS

A zona cambiou de fisionomía.

Onde antes había leiras cubertas de millo e patacas, agora existen grandes edificios de recente construción.

A poboación triplicouse e unha parroquia non alcanzaba para tanta xente. Créanse dúas novas parroquias.

O que ata entón era San Rosendo, dividiuse en tres: San Luís Gonzaga, na zona da estación; San Benito, na zona da praza de San Vicente, e San Rosendo, que queda co barrio da Sagrada Familia. Despois das consultas pertinentes, así o establece monseñor

Ángel Suquía, Arcebispo de Santiago daquela, nun decreto do 2 de outubro de 1976. O templo desta parroquia atopa finalmente unha localización definitiva nun edificio independente e propio, nun solar doado pola xa mencionada Entidad Constructora Benéfica Sagrada Familia, promotora benemérita das principais edificacións deste barrio, a cuxo servizo se puxeron tamén as magníficas instalacións dun edificio de cinco andares no Centro Social da Sagrada Familia.



O 3 de decembro de 1989, monseñor Rouco Varela consagrou e declarou aberto ao público o actual templo parroquial, ben situado, amplo e funcional.

Posteriormente, xa en 1992 acondicionáronse no soto uns magníficos locais parroquiais, que están a prestar un excepcional servizo en orde ao desenvolvemento das múltiples actividades pastorais que se están levando a cabo na parroquia.

A actual parroquia de San Rosendo, con menos dun terzo da extensión que lle foi asignada en 1954, contén algo máis de poboación da que tiña entón.



# TESTEMUÑOS DA XENTE DO BARRIO

Todas as persoas entrevistadas lembran a problemática do barrio nos anos oitenta principalmente, debida ao consumo da droga.

Foron anos, segundo contan, nos que a Sagrada colleu sona de barrio conflictivo, polas pelexas, o tráfico de drogas, e, sobre todo, polo triste final de moita da mocidade que aquí vivían.

Apuntan que a construción da biblioteca supuxo un antes e un despois, porque proporcionou ás familias un sitio seguro para os seus fillos e fillas, un lugar onde poder estudar, facer os traballos escolares ou asistir a actividades de animación á lectura. Tamén para os maiores, un sitio onde poder ler a prensa, acceder ao préstamo de libros e audiovisuais.

Todos e todas manifestan o seu agradecemento e recoñecemento ao persoal da biblioteca.



## CHELO

Chelo traballa de limpadora na biblioteca Sagrada Familia e viviu sempre no barrio.

Ao falar, remóntase a súa nenez e adolescencia. O primeiro que lembra é a sensación de liberdade, os xogos na rúa, a solidariedade da xente, o non ter medo, pero tamén a fame e necesidades de moitas familias.

Conta que unha das festas máis destacadas da Sagrada era o San Xoán, no que se facían lumeiradas tanto no que hoxe é a ronda de Outeiro como no soar onde hoxe están as torres.

Daquela, a ronda era unha rúa normal como calquera outra.

Tamén destacaba a verbena dos Mallos, segundo ela, a mellor que había na Coruña.

Outro dos seus recordos é o sereno que pechaba as portas a unha determinada hora. Se querías acceder á túa casa logo das horas establecidas tiñas que pedirlle que che abriera a porta.

As torres da Sagrada Familia foron construídas hai 35 anos. Antes de levantarse, aquilo era unha chaira de terra.

Na esquina fronte a biblioteca había unha gardería, na que tiñan cabida uns cen nenos.

A primeira igrexa que tivo o barrio estaba situada fronte á biblioteca. Alí casou a súa irmá.



Máis tarde a igrexa trasladouse para onde está hoxe o centro social, que foi onde ela casou.

San Isidoro era un monte e Vioño unha aldea con algunhas casiñas e onde había un pozo.

Onde está agora a fábrica Estrella Galicia vivían xitanos en chabolas.

Fronte á parada de Mercadona había una fábrica de camisas (Inditex) e estaba a casa dos pais de Botana, que tiñan a coñecida tenda de bicicletas.

A farmacia estaba situada onde estaba antes o café bar Paladium, mesmo na esquina.

Cando se construíron as torres tamén se estableceu no barrio o bar de Teresa.

O marido da dona era policía. Tamén estaban a froitaría, a leitaría, a adega, a peixaría, unha carboeira e unha tenda de cadros. Máis tarde chegou o local de Lucía, onde se vendía de todo dende prensa a xoguetes..

Coa chegada de xente ás torres que proviñan doutros barrios como Monte Alto e tamén aldeas próximas á Coruña o barrio tamén cobrou máis vida.

Cando casou marchou a vivir a Bilbao e perdeu a relación co barrio. Volveu cando xa tiña os dous rapaces. Actualmente vive na rúa San Isidoro.

Lembra o túnel que servía de acceso á primeira biblioteca, que foi pintado por moitos dos mozos que adoitaban frecuentala neses momentos. Entre eles estaban seus fillos.

## TOÑITA

Traballou como dependenta nunha tenda de ultramarinos no barrio.

Comenta que a xente nesa época vivía para traballar e aproveitaban as fins de semana para desconectar.

Era unha época onde a economía se resentía en moitos fogares, e sobre todo en familias con moitos fillos.

Os nenos facían a súa vida na rúa con xogos como a goma, o brilé, ás agachadas, a mariola, a corda... A relación coa xente era máis estreita que agora.

En ocasións isto era máis favorábel porque se compartían moitos problemas.

Noutras ocasións daba lugar a chismes e comentarios.

Ela, ao ter un establecemento de comestíbeis, coñecía á maior parte da xente do barrio e mantiña moita comunicación con moitos deles.



XENTE NA RÚA SAGRADA FAMILIA ANOS 60

Subliña que era un barrio acolledor e mentres estivo traballando creou moitos lazos de amizade que perduraron sempre no tempo.

Lembra que había unha gardería á que acudían ata cen rapaces. O mestre que impartía as clases era Lorenzo, que despois actuou como actor na serie da TVG "Mareas Vivas".

Tamén lembra un colexio privado chamado Atlas, onde hoxe está Cáritas.

Os bares que lembra nesa época son o bar Janeiro, subindo cara á rúa Barcelona, Buenos Aires na rúa onde estaba o café bar Paladium e o bar Zamora.





CAPELA STA. MARGARITA 1960 .FOTO BLANCO

Ela empezou a traballar na súa tenda cando tiñan todo cerrado para edificar. Naquela época as familias estaban compostas de moitos membros: pais, fillos e avós. A edificación das torres reactivou o barrio.

Á parte da verbena dos Mallos, había outra verbena anterior que se facía na parte de abaixo das torres e que durou pouco tempo.

Era normal que nesa época os ultramarinos se mantiveran abertos os domingos. Lembra que unha das festas que máis lle gustaban era a romaría de Santa Margarita, onde as familias acudían a merendar e pasar o día.

Para ela en concreto esta festa representaba traballo xa que facía moitas vendas..

Os domingos no verán as familias saían ás praias. Acudía toda a familia: fillos, pais e avós e adoitaban pasar o día.

Moita xente aproveitaba que estaba aberta a tenda para mercar friame, bebida, pan, bocadillos, empanadas...

Outra distracción naquela época era o cine. Había un na avenida de Fisterra onde está agora a igrexa de San Antonio: o cine Finisterre

Nesa época había un bus que baixaba polo barrio e tiña a parada onde ata hai pouco estivo a cabina de teléfonos. Era estupendo porque o mantiña comunicado co resto da cidade..



FOTO DE FAMILIA NO BARRIO ANOS 60

## ABELARDO

Hai varios anos xa que Abelardo se xubilou do que agora é o banco Santander.

Veu vivir para o barrio, desde a rúa San Luís, cando comprou un piso nas torres, o 1 de xuño de 1978.



Acabaron cerrando as súas portas polo vandalismo e roubos que había no barrio naquela época.

Abelardo lembra ver nos xornais unha reportaxe onde falaba da Sagrada Familia como un dos barrios máis perigosos de España.

Segundo el, vivir aquí era toda unha temeridade nesa época, aínda que el nunca tivo problemas.

O campo de fútbol era de pedra e estaba onde hoxe está Caritas. Era unha forma de entretemento naquela época. O equipo chamábase Sagrada Familia e o campo Maravillas. Máis tarde o Sagrada Familia absorbeu o Imperator e comprou as instalacións onde está agora. Cambiou o seu nome e pasou a chamarse Imperator.

Nese momento Abelardo era tesoureiro do club.

Outra diversión que tiñan era cando pasaba a Volta Ciclista a España. A xente poñíase á altura do bar Canosa e levaban cadeiras para poder ver pasar aos ciclistas



A empresa que comezou a levantar as torres era particular, pero debido aos seus problemas económicos, tivo que rematar as obras a Entidad Constructora Benéfica Sagrada Familia.

Moitos dos propietarios eran xente con familias numerosas que tiñan que facer unha solicitude facendo constar as súas situacións persoais. A maioría da xente que se trasladou a vivir non era nativa do barrio.

Lembra daquela a rúa Barcelona: leiras que se traballaban con animais.

Ata o bar Canosa era todo monte, e a ronda de Outeiro era unha rúa normal. Vioño era un monte ou aldea con algunha casa dispersa.

Lémbrese da aventura que supoñía o ter que ir atravesando leiras para poder desprazarse dun lugar a outro.

Os sábados facían o mercado á altura do bar Cortiña.

A xente aproveitaba para poder verse e falar e para mercar os produtos que vendían os agricultores que cultivaban as hortas.

Había poucos bares nesa época. Algúns deles eran o Visantoña, Canosa, unha polbeira onde está o Gadis e un bar baixando a escaleira do Imperator que era de policía.

Onde está agora a biblioteca, concretamente a aula onde se imparten as clases, había una cafetería moi ben acondicionada que rexentaban Luz e Miguel.

Había unha igrexa fronte á biblioteca e o párroco chamábase Manuel Martínez Boullosa. Nela fixeron a comunión algúns dos seus fillos. Máis tarde trasladárona onde hoxe está o centro social. Co tempo acabaron construíndo a igrexa de San Rosendo que coñecemos hoxe.

Outro medio de entretemento era o cine. Había dous: o cine Finisterre (na avenida de Fisterra, onde hoxe está a parroquia de San Antonio) e o Rex (na rúa Padre Sarmiento).

Con respecto á biblioteca, di que a sinte como a súa segunda casa e ao persoal considérao como parte da súa familia.

Lembra o túnel de entrada á biblioteca como un lugar onde os mozos facían as súas quedadas, moitas veces non só para compartir encontros senón para intercambiar substancias e beber alcol. Tamén a loita dos veciños e da biblioteca para converter ese espazo en privado e así favorecer a harmonía do barrio.



ANTIGO TROLEBÚS AV. DOS MALLOS

## NENUCHA

Taballou na adega moitos anos Tanto ela como os seus irmáns naceron no barrio.

Lembra moitas cosas de cando era nena: os xogos na rúa (mariola, corda, brilé, pelota, frontón, huevo pico araña...). Outra das diversións que tiñan era ir coller grilos.

Iso supuña toda unha aventura porque tiñan que cruzar as leiras onde hoxe está o colexio Urbano Lugrís. Adoitaban ir en pandillas. Nesa época había moitos xitanos instalados en chabolas na zona de Vioño. Saían do barrio a través do túnel que conecta coa ronda de Outeiro e atravesaban a casa das pistolas (o nome víñalle porque as xanelas tiñan forma de pistola).

Lembra tamén ao afiador, as mulleres que viñan vender parrochiñas e xeo, xa que moitos fogares non tiñan neveira. E tamén ao sereno, que cerraba as portas a unha hora determinada.

A roupa lavábana no baño e despois levábana a clareo nun campo que había pola parte de atrás do bar Janeiro.

Nenucha aclara que a primeira igrexa estivo na rúa San Luís, para despois trasladarse á rúa onde esta agora a biblioteca.

Na esquina había un local onde estaban os vestiarios e onde se representaban os nacementos viventes.

Había un bus que baixaba polo barrio e tiña a parada onde estivo ata hai pouco a cabina de teléfonos á altura da rúa Niño Jesús.

Tamén un practicante, que ía visitarte cando tiñas que poñer unha inxección.

As tendas e bares estaban situados na rúa Sagrada Familia, e tamén unha vez edificadas as torres, nos soportais. En concreto nesa rúa estaban o bar Janeiro, a librería Queixume, o bar Trigo, a droguería, a panadería, a carboeira e a froitaría.

Ao levantarse as torres, nos soportais instaláronse a leitaría de Visi, a librería fronte á biblioteca (onde hoxe está o taller de pintura), a adega, a tenda de Toñita, a carnizaría e a peixaría. Había tamén outra tenda de ultramarinos rexentada por Xesús, e un carpinteiro na esquina onde esta o Imperator.

As festas máis celebradas no barrio eran o entroido e o San Xoán. No entroido os nenos e non tan nenos disfrazábanse e pedían polas casas. E no San Xoán facían lumeiradas, en principio onde estaban as torres. Normalmente facían dúas para competir entre elas. Non só asaban sardiñas, senón que tamén se cocían patacas e millo que traían das leiras de arredor.



ENTROIDO AV. FINISTERRE ANOS 60

## EDUARDO

Eduardo, ao igual que Nenucha, naceu e criouse no barrio. El resalta o labor da Entidad Constructora Benéfica Sagrada Familia ao darlle a moita xente a oportunidade de ter unha vivenda, con rendas baratas, e que esas vivendas co tempo pasaran a ser da súa propiedade. Destaca que era un barrio formado por xente obreira, con escasos recursos e xeralmente familias con moitos fillos. A súa nai estivo empregada pola Constructora nunha librería enfronte da biblioteca, no local onde está o taller de pintura hoxe. Eses baixos pertencían á Constructora.

Co tempo esa librería trasladouse á rúa Sagrada Familia, ao local onde hai agora un salón de peiteado, fronte á librería Queixume hai pouco cerrada.

O colexio das nenas estaba no centro cívico da praza da Nosa Señora, e era xestionado pola congregación da Compañía de María. A mestra era a madre Conde e tiña fama de ser moi severa. O colexio dos nenos estaba máis abaixo, onde está o centro de educación de adultos Eduardo Pondal.

Destaca que cando el rexentou a librería, gozaba da exclusividade na venda dos libros dos dous centros escolares, grazas á boa relación que tiña cos mestres. Foi unha época excelente no aspecto económico. Non tiña competencia e iso favoreceuno.

Lembra que viviu a súa infancia e adolescencia nun réxime ditatorial. O barrio non estaba implicado politicamente. Con todo, a librería era un punto de referencia política, xa que durante un tempo Eduardo compraba un xornal vasco, e viña a policía buscalo. Tamén polos panfletos cor rosa que divulgaba e que moitas veces eran requisados pola policía. El pasou en cadea uns meses detido pola súa condición sexual.

Fronte á biblioteca estaba a peixaría, a panadaría, a igrexa, a librería e un café bar no lugar que ocupa hoxe a aula da biblioteca.

Tamén había unhas instalacións da parroquia, onde se facían os nacementos viventes, servía de vestiario, e tamén era a sede dun coro chamado "Los Niños del Coro".

Naqueles tempos organizábanse concursos e daban premios por decoración de escaparates e cando nacía un neno outorgaban un premio monetario que consistía na apertura dunha conta corrente cun importe simbólico. El foi un dos nenos que se beneficiou dese premio.

O centro neuráxico do barrio era a praza onde está hoxe Cáritas. Alí reuníanse os nenos para xogar ao fútbol e outros xogos.

Alí estaba o Club de Fútbol Maravillas. O equipo chamábase "Sagrada Familia". Alí tamén lles lavaban a roupa aos xogadores.

Os rapaces xogaban na rúa ás bólas ou ao fútbol e tamén cruzaban a ronda para roubar froita, trigo, cazar grilos...

A verbena máis importante era a dos Mallos.

Nese tempo había bandas que pelexaban unhas contra outras, para impoñer en certa forma o dominio do barrio sobre outros.

Era un barrio moi conflitivo. A droga causou estragos e motivou que houbera moitas mortes nesa época. Sen embargo existía un respecto coa xente do barrio, como se fixesen un pacto entre eles para non atentar ou roubar á xente coa que convivían, aínda que as discusións, os berros e pelexas entre eles era algo habitual.



EDUARDO NA SÚA LIBRARÍA QUEIXUME

A edificación das torres rompe a estrutura do barrio. Os seus pisos foron adquiridos por xente cun pouco máis de nivel económico. Mellorou a tranquilidade do barrio pola loita dos veciños e as denuncias constantes contra eses que rompían a harmonía.

Bota de menos que non haxa máis zonas verdes e non ter unha rúa peonil. Constata así mesmo que o barrio quedou encerrado cara dentro. Fáltalle amplitude.



## LOLY FRANCO

Integrante do club de lectura da biblioteca, viviu no barrio na súa adolescencia.

Cando veu vivir para o barrio tiña 16 anos. Anteriormente vivira en Santa Margarita. Os seus pais compraron un piso nas torres e establecéronse no barrio.

A entrada que tiveron que pagar naquel momento foi de 200.000 pesetas, e precisaron dunha recomendación.

Así a todo, ela non xogou na rúa porque o seu pai prohibíallo, tanto a ela como aos seus irmáns, a causa do medo ao vandalismo e ás drogas.

Deixáballes xogar no parque de Santa Margarita, acompañados sempre pola súa nai. Polo tanto o seu contacto co barrio foi moi escaso no relativo a xogos.

O nivel cultural dos mozos e mozas da súa idade era moi baixo. Eran poucas as persoas que remataban o bacharelato e moito menos as que accedían a carreiras universitarias.

A biblioteca xerou confianza e seguridade. Moitos pais deixaban aos seus fillos estar na biblioteca pero non lles deixaban xogar no barrio.

Fóronse implicando coa biblioteca a través das actividades como os contacontos.

Era o lugar onde ían facer os traballos, buscar información, levar en préstamo libros e audiovisuais... Converteuse nun lugar de encontro e intercambio.



AS TORRES NOS ANOS DA SÚA CONSTRUCCION 1974

## CARMEN SILVA

Carmen foi directora da biblioteca.

Cando se creou a biblioteca era a directora Begoña Llamosas e traballaba nela Mari Carmen e unha nora do presidente da Entidad Constructora Benéfica Sagrada Familia. Cando marchou Mari Carmen, porque non lle renovaron o contrato, entrou a traballar ela no seu lugar. Iso foi aproximadamente seis meses despois da apertura .

Nesa época os libros rexistrábanse manualmente e a catalogación tamén se facía en fichas manuais. Os vídeos estaban en depósito almacenados por orde alfabética. Tiñan un archivador onde estaban as fotocopias das portadas dos vídeos coa súa correspondente ficha para que o usuario puidese escoller o que quería levar.

Por suposto, non estaba informatizada e non tiñan ordenador ningún.

O espazo era unha sala única compartida por nenos e adultos.

Pero era unha biblioteca de portas abertas que recibía con cariño e reeducaba ao mesmo tempo. Custou moito traballo que a xente utilizara e respectara os espazos, seguira as normas de comportamento e usara ben os servizos

Coincidiu cunha época complicada polo vandalismo e as drogas.

Había unha loita común por parte da biblioteca, veciños e concello por mellorar o clima e favorecer a harmonía do barrio.

Era un lugar para estar, pasar o tempo lendo e tamén para facer os traballos escolares. Moitos nenos e nenas non tiñan espazo para facer os deberes nas súas casas, ou pasaban frío nelas, ou non tiñan un ambiente estábel. A biblioteca era unha alternativa á rúa, que acollía a nenos e nenas de familias desestruturadas, con problemas de drogadicción ou malos tratos.



PINTANDO A PARTE EXTERIOR DA BIBLIOTECA ANOS 90

As actividades que levaba a cabo durante o ano eran a festa de aniversario da biblioteca, o entroido e a excursión de verán.

Nas festas de aniversario da biblioteca e entroido decorábase a biblioteca, facíanse contacontos, representacións teatrais ou bailes e en todas as actividades cooperaban os pais e nais e os nenos do barrio. Isto creou uns vínculos de proximidade entre a biblioteca e o barrio.



ACTIVIDADES DENTRO DA BIBLIOTECA ANOS 90

A excursión de verán facíase a algún lugar de Galicia diferente cada ano, e nela compartían un día de praia ou de campo pais, nais, nenos e nenas e bibliotecarias. Levaban a comida e bebida desde casa e compartíase todo como se fora unha romaría. Isto marcaba o remate das clases e o inicio das vacacións.

Co tempo, a estas excursións uniríase tamén a biblioteca do Castrillón.

Outras actividades levábanse a cabo en colaboración co centro cívico, cuxa directora era María Luisa Bodelón, e con outras entidades do barrio.

O Día das Letras Galegas prestábanse libros ao centro cívico e as bibliotecarias colaboraban na lectura de textos en galego.



ACTIVIDADES DENTRO DA BIBLIOTECA ANOS 90

As bibliotecarias tamén axudaban a facer os deberes, traballos, solicitar as bolsas, na procura de información...

A biblioteca constituíu un motor de cambio social, un revulsivo para todos. Co tempo foi crescendo e mellorando as instalacións ao mesmo tempo que tamén foron crescendo as expectativas das bibliotecarias e dos usuarios.

Hai que resaltar o cariño e a loita dos veciños para que se ampliase a biblioteca.

Recolleron firmas e chamaron ao 010 para solicitar a súa ampliación.

Defenderon contra vento e marea a biblioteca porque a consideraban súa. Obtiveron o respaldo do concello e isto motivou o traslado eventual do servizo á rúa Sagrada Familia nun baixo preto da igrexa de San Rosendo.

Todo o fondo trasladouse á nova localización, inda que non se puido expoñer todo por falta de espazo. Parte del permaneceu almacenado nun depósito.

Foron dous anos no que se continuaron facendo as sesións de "Merendas con Contos", a cargo das bibliotecarias e os personaxes Fuco e Gatrolas.

Esta nova localización permitiu dar a coñecer a biblioteca á poboación doutras zonas, como os Mallos ou a ronda de Outeiro, que descoñecía a súa existencia. Carmen sinte un cariño enorme pola biblioteca, xa que foi unha etapa moi bonita na súa vida, onde medrou profesionalmente ao mesmo tempo que a biblioteca.



ZONA DE HEMEROTECA DESPOIS DA REFORMA ANO 2003



Houbo unha mellora das instalacións e foi unha etapa de moita ilusión, traballo, colaboración social con outras entidades, loita para mellorar a seguridade do barrio e, sobre todo, leva consigo o cariño da xente e de nenos e nenas, que agora son xa maiores, e moitas familias coas que lle une un lazo que vai máis alá dunha relación laboral.



NENOS NO VIOÑO ANOS 70

## NOEMI

Noemí vive nas torres de San Jaime, detrás da igrexa de San Rosendo. Veu vivir ao barrio no ano 98.

Pasou parte da súa vida en Madrid. Cando chegou ao barrio o primeiro que notou foi que había moito máis seguridade,

s froitarías podían ter a súa mercancía exposta fóra, as bombonas de butano e repartidores de cervexa non tiñan cadeados, cando en Madrid iso era impensábel.

O ritmo de vida era diferente, daba tempo a todo. As distancias eran máis curtas e había menos colas, xestionabas papeis nunha mañá e o tráfico era máis fluído. Gañabas en calidade de vida.

Con todo, culturalmente, notou a escaseza de ofertas culturais en comparación con Madrid. O interese cultural no barrio tamén era menor. Conta que percibiu que as relacións das mulleres cos homes eran diferentes.

Ao chegar ao barrio viu que o tráfico de drogas e o vandalismo era habitual e vía nas rúas e prazas, como a da igrexa de San Rosendo, as reunións de moitos mozos e mozas para comprar e consumir droga. Moitos dos establecementos comerciais deses tempos cerraron e se trasladaron a outros barrios máis seguros. Así a todo, ela nunca tivo problemas nin sentiu medo.

Recoñece que a día de hoxe o barrio mellorou moito.

Lembra o monte de Vioño, con casiñas con flores, algunhas chabolas onde vivían familias de xitanos e hortas. Todo isto deu lugar ao que hoxe é o parque de Vioño.

A súa familia era moi lectora e sempre que necesitaba un libro comprábo.

Esa é a razón de que coñecese a biblioteca uns anos máis tarde de chegar ao barrio.

Visitou primeiro a biblioteca do Fórum Metropolitano e a González Garcés

Máis tarde, buscando obras de teatro, chegou a biblioteca Sagrada Familia..

Como Noemí é titulada en arte dramática, sempre estivo vinculada ao teatro



Mostra disto foi o voluntariado en Eiris e na asociación de "Mujeres sin techo" que rexenta a madre Encarna.

A súa cooperación con esta organización é de hai máis de 10 anos.

Tamén foi voluntaria en cursos de alfabetización para persoas maiores e colectivos de xitanos, durante dous anos, no centro.

Con ela cooperaba outra moza, Encarna, que ensinaba a ler e escribir. O seu traballo era supervisado por María Luisa Bodelón, directora do centro cívico.

Lembra cantidade de anécdotas desa época, sobre todo a picaresca dos xitanos que dependían dunha paga condicionada á asistencia ás clases.



PLAZA DAS CONCHIÑAS

A ronda de Outeiro e a rúa Barcelona afogaron ao barrio da Sagrada Familia. Alí estableceuse xente con maior nivel económico, maior número de establecementos, comercios, a praza de abastos...

A Sagrada, malia non contar con zonas verdes, está arranxando fachadas, incorporando ascensores aos seus edificios e loitando por non quedar atrás en relación con outros barrios.

## PABLO

Naceu na Gaiteira e con catro anos veu vivir á Sagrada.

Cando era pequeno os seus xogos cos outros nenos da súa idade eran na rúa: chapas, bólas, tula, huevo pico araña, fútbol, ás agachadas, frontón e brilé

Tamén ían ao cine Finisterre, ao Rex e máis tarde ao cine España. Normalmente ían en pandillas. Despois de ver a película adoitaban xogar a imitar aos personaxes protagonistas.

A igrexa estaba onde esta hoxe o taller de pintura, fronte á biblioteca e o coro dos nenos, mesmo na esquina onde esta hoxe o Imperator e que ten a porta de cristal. O padre Emiliano ensinaba canto no coro infantil. Ían vestidos con túnicas e durante moitos anos cantaron nos actos litúrxicos. Pero tamén fixeron actuacións co nome artístico de "Los niños del Coro"



NENOS DO CORO DE SAN ROSENDO

O colexio da Sagrada Familia estaba na praza de Nosa Señora, onde estaba o centro cívico. Alí estaba o colexio das nenas, cuxa directora era a Madre Conde, da Compañía de María.

O dos nenos estaba situado máis abaixo e tiña como mestres a don José e don Francisco. Lembra que antes de empezar a clase cantaban "Montañas nevadas".

Cando terminaban as clases de primaria e empezaban bacharelato, ao non existir instituto no barrio, ían ao instituto masculino ou ao feminino. Máis tarde creouse o instituto da Agra que foi o primeiro instituto que mesturou homes e mulleres.

Nesa época a maioría dos nenos estudaban estudos primarios e logo optaban por aprender un oficio. Era unha época difícil, onde a necesidade estaba antes que a formación.



ANTIGO CINE FINISTERRE



PARTIDO DE FÚTBOL NA ZONA DA RONDA

Moitos mesmo traballaban en dous ou tres traballos para poder dar de comer aos seus fillos.

As familias eran numerosas e non daban importancia nese momento á preparación dos seus fillos. Eran poucos os que estudaban bacharelato e menos aínda os que ían á universidade.

Na adolescencia, na rúa Cardenal Cisneros, pola que apenas pasaban coches, xogaban ao fútbol e mailo frontón.

Había un bar que se chamaba Vilas e tiñan o equipo de fútbol "Peña Zoca", co que chegaron a gañar moitos trofeos. Era un equipo que xogaba moi ben e foi anterior ao da Sagrada Familia.

Naquela época era frecuente que nas tendas fiaran á xente: apuntaban o que levaban e pagaban todo a final de mes. Lembra que era habitual que as familias mandaran facer a compra aos rapaces, adolescentes. Nese tempo comezaban xa a saír do barrio en pandilla para ir ao centro da Coruña: rúa Real, Cantóns, xardíns...



O barrio estaba abandonado. Sentíanse illados do centro.

Os establecementos concentrábanse fronte á biblioteca: ultramarinos, peixaría, carnzaría Tamén a igrexa e o coro.

Na rúa Niño Jesús había unha tenda de electrodomésticos e unha barbaría.

Os bares que había nesa época eran o Río de Janeiro, o Buenos Aires e a adega.

A construción das torres mellorou o barrio, pero esa mellora foi paulatina.

Había un problema moi grave, a droga, que ocasionou o peche de moitos negocios, creou mala fama, medos, e falta de harmonía, temor a andar de noite, altercados, discusións, ruidos...

A xente sufriu moito porque morreron moitos mozos de sobredose.

A Entidad Constructora Benéfica Sagrada Familia fixo a construción da maioría dos edificios. Bótanse de menos zonas verdes, algunha rúa peonil e a falta de calidade urbanística. O barrio quedou apartado, escuro, falto de vida.

Agora o Parque de Vioño suple dalgunha forma esa falta de zonas verdes e serve para que nenos e maiores poidan gozar desa contorna.

Con todo a Sagrada é acolledora porque dá cabida a todo tipo de emigrantes, etnias diferentes, e non hai conflito. A proba está no gran número de ONGs que existen.

Recalca que é un barrio solidario porque sempre esta disposto axudar a quen o necesita. Di Pablo que pode ser porque foi xente que sufriu moito e pasou por momentos complicados, razón pola que se pode desenvolver máis empatía.



#### EDIFICIO DO ACTUAL CENTRO SOCIAL

Nos soportais das torres estaban unha leitaría, unha cafetaría e un taller de carpintaría.

Para Pablo o cambio radical veu coa apertura da biblioteca, "un oasis no deserto...".

A xente do barrio loitou moito pola biblioteca e posteriormente pola súa ampliación porque quería que os seus fillos tiveran acceso á cultura, á información, para ter un lugar onde facer os seus traballos escolares...

Para os adultos supuxo o acceso á cultura, un lugar de encontro, un cambio de imaxe do barrio, un lugar que ofrecía seguridade e confianza para os seus fillos.

## MANUEL

Manuel leva vivindo no barrio desde os anos 50 aínda que naceu en Lugo. Durante 13 anos traballou no polígono da Grela.

Conta que Vioño era practicamente todo terras, onde vivían labradores e xitanos. Cultivaban patacas, legumes e froitas. A maior parte eran para uso persoal, pero tamén había labradores con máis medios que cultivaban para vender.

Había un mercado de postos ambulantes na ronda de Outeiro, onde a xente acudía a comprar moitos deses produtos, á vez que tamén era un lugar de encontro dos veciños que vivían no barrio.

Arsenio Iglesias era un veciño do barrio, ademais de ser adestrador do Deportivo, foi xogador (moi bo, por certo, segundo di Manuel). Naquela época Manuel era propietario dunha tinturería-lavandaría no barrio, alá polo ano 64. Ia ver xogar ao Campo Maravillas ao

equipo da Sagrada Familia pero tamén aproveitaba as fins de semana para ir ver ao Deportivo.

Normalmente ía acompañado da súa filla e cando remataba o partido ía esperalo a súa muller para facer camiño de regreso á casa todos xuntos.

A avenida de Fisterra era todo campo. Existía un barracón de Fenosa e unha panadaría, "A Agra". A rúa Barcelona era un campo e había moitas leiras onde se plantaban patacas.

s ultramarinos e as tabernas coexistían naquela época no barrio. E a xente adoitaba acudir aos ultramarinos para comprar para toda a semana.

As tabernas eran un lugar moi concorrido polos homes e os temas de conversación eran fútbol, mulleres e traballo.



### ANTIGO BAR HOLLIDAY

O alcalde da cidade era nesa época Demetrio Salorio, que tamén era director da "Artística", que fabricaba envases de latas de sardiña. A súa muller tiña un cargo en Acción Católica. Eles polo seu labor católico e as súas relacións coa Entidad Constructora Benéfica Sagrada Familia, foron os que levaron a cabo a edificación do barrio e de feito moitos dos traballadores que tiña na fábrica foron beneficiarios dos pisos da Construtora.

Manuel resalta que o gran problema do barrio sempre foi a droga, que causou que moitos mozos morreran por sobredoses, e tamén que moita xente abandonara o barrio por outro máis seguro.

Hoxe, con todo, pensa que mellorou moito, porque segue habendo droga pero non máis que noutros barrios.



Tamén resalta que o barrio se foi poboando de xente emigrante e que hoxe en día conviven moi ben.

Lembra a biblioteca antiga e tamén o traslado a un dos baixos que están preto do centro social mentres se reformaba a vella.

Pola súa idade, di que debe ser dos usuarios máis antigos porque el sempre usou as nosas instalacións, ao principio como lector do Marca, DxT... un tipo de prensa deportiva que ía ler todas as mañás. Pero logo tamén participou en moitas actividades: charlas, conferencias, escoitar concertos, lecturas de poesía en colaboración co centro cívico o Día das Letras Galegas.

## TERESA

Leva vivindo no barrio 49 anos. Inicialmente non tivo moita conexión coa xente porque durante moitos anos foi para ela un lugar onde só ía durmir.

Cando tivo a súa filla foise incorporando un pouco máis á vida do barrio. Primeiro levouna á gardería que había no barrio e despois ao colexio público que impartía as clases en barracóns, locais soltos situados onde está agora a Praza de Nosa Señora, nunhas condicións moi precarias.

Naquela época o barrio contaba con carnizaría, barbaría, un bar que logo se converteu en local de alterne, supermercado, posto de verduras e de froita. Abrían os domingos nesa época. É dicir, había un comercio de proximidade que cubría as necesidades do barrio



CONSTRUCCION NA PLAZA DE SAN ROSENDO ANOS 80

Resalta a importancia da Entidad Constructora Benéfica Sagrada Familia, xa que facilitou vivendas a xente necesitada, familias con moitos fillos, que padecían enfermidades, que tiñan poucos recursos económicos, sen vivenda... Mesmo en moitos casos fixéronse cargo dos recibos impagados desta xente. Desenvolveron un labor de beneficencia e caridade.

Os anos 80 foron terribéis para o barrio: a droga, os atracos e o vandalismo afectaron moito á xente que residía nel. Orixinou que moitos ultramarinos cerraran as súas portas e se trasladaran a outras zonas, causou a morte de moitos rapaces, problemas de veciñanza e mesmo medo e temor polos fillos.

Teresa considera que é un barrio abandonado, porque os políticos non investiron nel.

Ela di que é un barrio escuro, descoidado e feo. Bota en falta "espazos agradábeis". A pesar das distintas tendencias políticas que gobernaron o concello, ningunha

delas reparou neste barrio e na súa mellora.

Hai veces que os coches aparcan en tripla fila, orixinando en moitos casos atascos. Faltan bancos. Non hai zonas verdes que acheguen humanidade ao barrio. Hai anos puxeron uns bancos e árbores na rúa Tornos, pero os veciños protestaron e acabaron quitándoos.

Hai edificios e baixos que están totalmente abandonados que afean o barrio e as tendas de ultramarinos foron cerrando. Non hai unha rúa peonil que sirva para conectar e unificar máis o barrio.



RAPACES NA ESCOLA SAGRADA FAMILIA ANOS 80

Incluso outros barrios teñen un concepto da Sagrada como un lugar apartado. De feito di que hai xente que no subía máis arriba do Parque Santa Margarita.

É un barrio de clase obreira, xente sen recursos e agora multirracial, porque foron instalándose no barrio moitas persoas emigrantes e con escasos recursos.

O prezo do aluguer de vivendas segue sendo o máis económico dos barrios da Coruña.

A biblioteca é unha illa dentro do barrio e a súa construción foi para Teresa o mellor que hai no barrio. No só polo acceso á cultura senón porque humanizou e favoreceu a igualdade e integración.

## MANUEL VARELA

Manuel instalouse no barrio ao rematar o servizo militar, aos 25 anos, concretamente na rúa Sagrada Familia. Primeiro rexentou o bar Bosque xunto coa súa nai. O seu pai quedou en Loureda coidando ás vacas, pero cando foi vivir con eles á Coruña, puxeron unha xastrería no piso primeiro e fixeron a outra casa da esquina.

Co seu oficio de xastre non vivía moito cara ao exterior, porque o seu oficio ou traballo requiría pasar moito tempo dentro do seu lugar de traballo, moi diferente a cando tiña o bar, que coñecía todo o que pasaba no barrio.

Lembra que había moi poucas casas, soares sen obrar, galerías que se estaban edificando e casas baixas (casas baratas).

A ronda de Outeiro era unha rúa normal e na rúa Barcelona había terreos onde se plantaban sobre todo patacas.

En Vioño había algunhas casas pero sobre todo eran cerres de pequenas leiras nas que se plantaban de todo. Moitos dos produtos desas leiras vendíanse no Mercado Central e nas feiras.

Entre a avenida de Arteixo e a ronda había un monte alto que despois demoleron.

Lembra o autobús que baixaba polo barrio e tamén que os coches circulaban nas dúas direccións.

A súas diversións eran acudir ao salón dos Mallos onde había baile e ao cine Finisterre ou o Rex.

Normalmente este barrio sempre acolleu moi ben á xente, porque se foi poboando de xente procedente de aldeas e vilas próximas á cidade. Relaciónao porque actualmente no barrio conviven africanos, cubanos, venezolanos... e o barrio aceptounos e acolleunos. Moitos deles traballan na vendima por tempadas, ou vendendo en feiras ambulantes, na construción, na pesca...

Di que hoxe en día a xente aventurase menos a montar un negocio, pola competencia cos grandes espazos comerciais, pola burocracia e gastos que comporta e porque hoxe hai que ter coñecementos e tempo para xestionar a contabilidade, ser escravo do negocio e responsabilidade.

Manuel lembra vellos oficios dese tempo: sereno, afiadador, peixeira, leiteira...

Manuel está contento no barrio e agora mesmo, a falta de zonas verdes cerca da

súa casa, confórmase co Parque de Vioño. Comenta que a Sagrada mellorou moito, é máis tranquila, hai menos droga, teñen o mercado das Conchiñas, está ben comunicado pola rede de autobuses que pasan por la ronda e pola avenida, un centro social que imparte moitas actividades e ademais contan coa biblioteca. Esta supuxo para o barrio o acceso á cultura, á información, actividades, concertos, conferencias...

El concretamente participa en moitas delas como no teatro lido ou o club de lectura, ademais de asistir a concertos e conferencias.

## EMÉRITA

Emérita leva vivindo no barrio dende 1972, cando veu desde a zona rural de Lugo, de Montouto. Veu para coidar a unha tía súa e acabou comprando un piso na ronda de Outeiro.

Aproveitou para asistir aos cursos nocturnos no Eusebio da Guarda. Cando a súa tía morreu, volveu a Lugo e novamente veu no ano 1972, xa co seu home.





Como non tiña traballo colleu en traspaso o bar Cortiñas, que rexentou durante tres anos e medio. Foi para ela unha experiencia nova porque nunca traballara no sector da hostalaría e descoñecía cousas tan básicas como facer un café. A práctica ensinoulle todo.

Lembra con gusto aqueles tempos.

Os seus clientes eran familias que vivían no barrio, maioritariamente familias con moitos fillos. Destaca a limpeza dos nenos e a educación. As nais confeccionaban a roupa dos nenos. Recorda tamén que ían buscar aos seus homes o bar.

Nesa época os maridos ocupábanse de traer os cartos á casa e as mulleres eran as que administraban a economía familiar. A xente era valente, loitadora, comprensiva e vivían con poucas posibilidades.

Ela nunca tivo problemas no bar. Ao contrario: algúns mozos axudábana a pechar o establecemento polas noites. Tampouco tiña moitas ganancias: dáballle para comer e pouco máis.

Nas fins de semana os pais acudían cos fillos para tomar algo, mentres as mulleres quedaban na casa facendo a comida.

Outro lugar de diversión era o cine de barrio, xa que podían custealo.

Facían una festa no barrio, para a que as mozas se acicalaban moito para ir. Cando saían era normalmente en pandillas.

Era xente que intentaba superarse aínda que moita da xuventude caeu nas drogas e tivo un final trágico.

A maioría da xente que veu vivir para o barrio procedía da aldea e moitos deles eran mariñeiros.

Fronte ao bar Cortiñas todo eran fincas, e mesmo era fácil ver ovellas e cabalos.

A ronda de Outeiro quitoulle luz ao barrio e o apartouno. De feito nesta zona moita xente tiña os tendais de roupa.

En cuestión duns anos comezouse a edificar de forma masiva ao longo da Ronda de oureiro

A Emérita gustaríalle que fixeran peonil a rúa Sagrada Familia, porque iso lle daría vida ao barrio e o desconxestionaría de tráfico. Tamén, segundo ela, poderían poñer uns bancos con algunhas árbores para humanizar máis a zona.

Antes de construírse as torres, ese terreo era o lugar onde xogaban os nenos que ían ao colexio público da Sagrada Familia, situado na praza de Nosa Señora.

Falando das torres, di que a súa construción quitou luz a esas rúas. Fronte ao que é hoxe a biblioteca había unha peixaría, unha zapatería, unha carpintaría, a librería, ultramarinos, panadaría e a igrexa. Cando esta se trasladou ao centro social, instalouse no seu local unha gardería, que acabou cerrando debido á falta de condicións e ás humidades.

Onde está agora a biblioteca había tamén unha leitería, unha froitaría, un bar e, onde está agora Gaia, unha gardería.

O Imperator e o comercio de retallos segue igual que antes.

Moitos deses negocios acabaron cerrando porque a droga provocou moitos medos aos atracos, polo mal ambiente que se creou no barrio, discusións, pelexas. O peor de todo foron as mortes por esa causa.



## MITO

Mito instalouse no barrio hai 15 anos, pero leva 25 anos atendendo á emigración e mulleres africanas.

Cando se estableceu, o barrio era moi distinto. Morrían daquela os últimos drogadictos heroinómanos e atopou un ambiente difícil, onde a droga se vendía nos soportais. Aos poucos todo isto foi mellorando.

O seu labor comeza recibindo subsaharianos e andinos. Outorgáronlle unha mención europea polo proxecto que proporcionou formación a 155 pescadores subsaharianos durante 4 anos.

Durante catro anos alimentaron e repartiron dúas veces por semana peixe, preferentemente xurelo e cabala, aproximadamente 500 kg por semana, entre a poboación de orixe senegalesa.



GUILLERMO FERNANDEZ-OBANZA (MITO)

Durante catro anos alimentaron e repartiron dúas veces por semana peixe, preferentemente xurelo e cabala, aproximadamente 500 kg por semana, entre a poboación de orixe senegalesa.

O local de Ecodesarrollo Gaia ten 130 metros. No ano 2000 estiveron vivindo 70 subsaharianos aí, cumprindo criterios de hixiene, cun comportamento excelente. Entre os anos 2006 e 2009, ían esperalos á estación de autobuses, antes de que se adiantase a policía e os detivera. Comían grazas á comida que traían da Cociña Económica. Adoitaban comer na porta, nos soportais. A maioría deles traballan agora na pesca.

Dá as grazas ao Dr. Pernas pola súa axuda, a súa atención e por todo o que fixo en cuestións do barrio.

No ano 2013 puxeron a primeira pedra da Escola Coruña en Senegal. Leva funcionando 17 anos, na zona norte de Dakar, onde vive a etnia "Labou". Está rexida por mulleres. Este proxecto avoga pola igualdade, pola formación de mulleres analfabetas, nenos e nenas de 16 anos, polo compromiso con pescadores pobres e que non saben ler. Levan a cabo un proxecto sobre a pesca artesanal. Tamén facilitan medios sanitarios, a través do programa "La Coruña cura", cun equipo médico formado por 14 sanitarias que atenderon a máis de 30.000 persoas. Contan co apoio de oftalmólogos solidarios e ópticas que facilitan milleiros de lentes.

Actualmente a ONG imparte clases de español e de apoio escolar, a cargo de mestres e mestras xubilados.

## PROBLEMAS CANDO SE INSTALARON

O seu local foi queimado dúas veces e roubado en varias ocasións, suponse que por drogadictos. Moita documentación perdeuse neses incendios e tiveron que limpar moitos dos documentos con esponxas. Coa axuda de africanos, bolivarianas e algúns veciños puxeron en marcha de novo o local, tras arranxalo e pintalo. Con enorme sacrificio puideron manter os sete postos de traballo da ONG, malia os recortes económicos por parte do goberno municipal e da Xunta de Galicia.

Agradece á Entidad Constructora Benéfica Sagrada Familia porque favoreceu á ONG, cedendo o local de modo gratuito.

A súa opinión en canto o barrio é que se trata de un barrio complexo, avellentado, dun nivel cultural baixo, deprimido e con falta de recursos.

Considera que é necesario que cambie a política nos barrios tendo en conta que aos barrios máis deprimidos se lles dota de menos recursos. Isto a longo prazo provoca unha batalla entre pobres.

Mito é unha persoa de risco pola súa idade e por iso, a causa da pandemia, tivo que cerrar temporalmente o local inda que continúa traballando desde casa. A súa compañeira, Cristina, é a encargada das relacións cos organismos, mentres que el se encarga da administración e da coordinación.

Elaboran unhas fichas sociais da xente africana, sobre todo mulleres que viven soas ou con fillos, e tamén dos que subsisten da venda ambulante.

Unha vez identificada a súa situación, pasan a ficha a servicios sociais para tratar de paliar a situación na que se encontran. A día de hoxe levan formalizadas unhas cen fichas.

Outra das súas tarefas, en tempos de pandemia, é vehicular información de autoridades sanitarias, explicar que teñen que facer, instrucións que deben ser cumpridas. Enviáselles a información en texto, debuxo e audio, en francés, castelán e wolof.

Proporciona material sanitario (máscaras, luvas) e unha cantidade de diñeiro, equivalente a 20 euros, a cada un para que poidan subsistir.



A biblioteca é un avance social no barrio e contribuíu a mellorar a integración e a igualdade, continúa dicindo Mito. É un complemento ás ONGs porque tamén imparte clases de español, e asesora e facilita información aos emigrantes. Agradece a cesión da súa aula para poder impartir cursos de todo tipo.